

DÚBIDAS? *Pregunta e infórmate*

WhatsApp

604 059 719

A Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte de Lemos ten un novo servizo "DÚBIDAS? Pregunta e infórmate", dentro dos seus programas de prevención, co obxectivo de dar resposta á necesidade de información en relación ao consumo de drogas (ou outro tipo de adiccións) existente entre a poboación xuvenil, así como entre colectivos clave na problemática como son familias e educadores/as dos ámbitos tanto formal como non formal.

Trátase dun servizo telemático cuxas preguntas e consultas son atendidas por un equipo de profesionais e persoas expertas na temática de drogas e que garda en todo momento o anonimato e a confidencialidade das persoas que se benefician del.

Para utilizar "DÚBIDAS? Pregunta e infórmate" contamos coas seguintes canles, a través dos cales calquera persoa pode poñerse en contacto co mesmo para a resolución das dúbidas:

- Whats App: 604 059 719
- E-mail: uad@concellodemonforte.com
- Facebook: UNIDAD ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DE MONFORTE
(cunha mensaxe privada)

Esta campaña difundirase por diversas canles, ademais de repartición de cartelería en todos os centros educativos de Monforte de Lemos e comarca.

Aínda que é especialmente dirixida aos adolescentes e xóvenes, aos seus familiares e educadores, **calquera persoa pode facer uso deste recurso.**